



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Costas González, Xosé Enrique
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Álvarez, Antón
 Gago Rodríguez, Alberto
 Filgueira Pérez, Ángeles
 García Vázquez, José Manuel
 Garriga Domínguez, Ana
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 Graña Nogueiras, Jesús (Xerente en funcións)
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Gutiérrez Nieto, Manuel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Rodríguez, María
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Vázquez, Amador

DESCULPA ASISTENCIA
 Martínez Cobas, Xavier
 Surís Regueiro, Juan
 Vidal Gallego, M^a Teresa

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 22 de xullo de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, día 22 de xullo de 2003, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 4 de xuño 2003.
2. Informe do Rector.
3. Asuntos de profesorado: comisións de servizo, prazas para habilitación nacional.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de posgrao e titulacións propias: -VII Máster en organización e dirección turística –I Máster en Xestión e Dirección de Administracións Públicas, I Curso especialista en Xestión de Administracións Públicas, I Curso de especialista en Dirección de Administracións Públicas –Máster en Calidade Microbiolóxica en industrias alimentarias –Máster en Dirección e Xestión de Pequenas e Medias Empresas –Máster en dificultades da aprendizaxe na lectura-escritura –Máster en orientación escolar-III Máster Especialista en Auditoría e Contabilidade–Especialista en Dereito tributario –Especialista en responsabilidade profesional médico-sanitaria.
 - Graduado Universitario en Detective Privado – Graduado Universitario en Prevención e Seguridade Integral – Graduado Superior en Tecnoloxía Ambiental.
5. Aprobación, se procede, da impartición do CAP pola Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Títulos Propios de Posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, do cambio de nome do Departamento de Dereito Público Especial.
8. Aprobación, se procede, de modificacións puntuais das normas de xestión académica.
9. Modificación puntual da Normativa para a elección de decanos e directores de Centro para a súa adaptación a LOU.
10. Suxerencias sobre os borradores de reais decretos relacionados co EEES

11. Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: -Acordos marcos de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitario Feevale (ASPEUR) (Brasil), o Instituto de Medicina del Deporte (Cuba). Convenios específicos coas Universidades Pompeu Fabra, Nuevo México e a Universidade Estadual de Campinas (Brasil). Convenio marco e específico con Unisla (Portugal). Convenio marco e específico entre o Instituto enerxético de Galicia e as Universidades Galegas.

13. Elección de representantes no Consello Social: 1 PDI, 1 estudante, 1PAS.

14. Elección para cubrir as seguintes vacantes*:

- Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (2 PDI, 1 estudante), Comisión de Investigación (1 estudante)

- Comisións de Reclamacións (1 estudante)

15. Elección das comisións: de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes) e de Cursos e Convenios (1 estudantes)

16. Rogos e preguntas.

Punto 1-Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 4 de xuño 2003.

Apróbase por asentimento.

Punto 2-Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

-da adxudicación á Universidade de 6,7 millóns de euros de fondos FEDER.

-da solución para a Estación a pe do mar na Illa de Toralla. Esta previsto començar a súa construción en outubro unha vez concedidos os permisos de costas e de obras.

- da resposta recibida o día 21 de xullo ós Estatutos por parte da Consellería de Educación e que contén moitos comentarios de tipo técnico e algunhas cuestións que habera que debater no seu momento no Claustro.

- do gran número de solicitudes presentadas á convocatoria da ANECA de axudas para o deseño de planos de estudo. Entre os meses de novembro e decembro haberá unha segunda convocatoria. Así mesmo, a Consellería de Educación tamén levará a cabo unha acción deste tipo para que non quede ningunha titulación das universidades galegas sin unha axuda.

Punto 3-Asuntos de profesorado: comisións de servizo, prazas para habilitación nacional.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa de tres solicitudes de comisións de servizo: as de Don José M^a da Rocha Álvarez e Don Miguel Ángel Esparza Torres nas Universidades Carlos III e Rey Juan Carlos respectivamente son renovacións e unha nova de Don Jesús Primitivo Rodríguez González na Universidade Rey Juan Carlos. A Vicerrectora expón a situación especial deste último profesor e que a proposta da COAP é que unha vez que se produza o reingreso deste profesor na Universidade de Vigo teña efecto a proposta da Comisión de Servizos.

Apróbanse as tres comisións de servicios por asentimento.

Así mesmo, informa da solicitude dunha Cadeira de Universidade da área de Ecoloxía para habilitación nacional e para a que o informe da COAPA é favorable .

Apróbase por asentimento.

Punto 4-Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de posgrao e titulacións propias: -VII Máster en organización e dirección turística –I Máster en Xestión e Dirección de Administracións Públicas, I Curso especialista en Xestión de Administracións Públicas, I Curso de especialista en Dirección de Administracións Públicas –Máster en Calidade Microbiolóxica en industrias alimentarias – Máster en Dirección e Xestión de Pequenas e Medianas Empresas –Máster en dificultades da aprendizaxe na lectura-escritura –Máster en orientación escolar-III Máster Especialista en Auditoría e Contabilidade–Especialista en Dereito tributario –Especialista en responsabilidade profesional médico-sanitaria.
- Graduado Universitario en Detective Privado – Graduado Universitario en Prevención e Seguridade Integral – Graduado Superior en Tecnoloxía Ambiental.

O Vicerrector de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente informa sobre unha serie de masters e cursos que teñen tódolos informes favorables, aínda que algúns están pendentes da aprobación das taxas polo Consello Social, e son os seguintes:

-VII Máster en organización e dirección turística –I Máster en Xestión e Dirección de Administracións Públicas, I Curso especialista en Xestión de Administracións Públicas, I Curso de especialista en Dirección de Administracións Públicas –Máster en Calidade Microbiolóxica en industrias alimentarias – Máster en Dirección e Xestión de Pequenas e Medianas Empresas - III Máster Especialista en Auditoría e Contabilidade–Especialista en Dereito tributario –Especialista en responsabilidade profesional médico-sanitaria.

Apróbanse todos por asentimento.

A continuación informa dunha proposta de catro másters que estan interrelacionados:
-Máster en dificultades da aprendizaxe na lectura-escritura-Máster en orientación escolar
-Máster en interpretación da lingua de signos española-Máster en dificultades da aprendizaxe matemática.

Na reunión da COAP foron moi debatidos estos cursos e pensouse que dous deles poderían entrar no ámbito de competencia doutras áreas polo que se propuxo pedir informe externo.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Gil di que o Máster en dificultades da aprendizaxe matemática entra en conflito coa área de Didáctica da Matemática e propón aplazar a aprobación do mesmo para que dita área teña posibilidade de emitir informe.

O profesor Membiela di que na COAP falouse de que non se vía moi claro os catro títulos diferenciados e que el vería mellor un só título cun tronco común e despois as catro especialidades.

O profesor Costas lamenta que no máster sobre a interpretación da lingua de signos non se teña en conta o grupo desta universidade que traballa neste tema como son as profesoras Baez e Cabeza.

O profesor Gude, Director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Comunicación, defende o enfoque psicolóxico dos títulos propostos e lembra que se non se aproban agora non poderán empezar no curso próximo. Así mesmo indica que os títulos non están postos ó azar e que están consensuados con institucións externas e dada a interrelación entre eles ou se aproban os 4 ou en caso contrario se retiran todos.

O Vicerrector di que non se poden facer modificacións sen consultar previamente co Director dos mesmos.

Finalmente o Rector propón delegar na COAP para que, unha vez oído ó Director dos cursos, elabore unha proposta simplificada e quede aprobada para que non se retrase a súa posta en marcha.

En caso de non haber acordo volvería o tema ó Consello de Goberno a celebrar en setembro.

Acéptase por asentimento a proposta do Rector.

En relación coas propostas de Títulos Propios o Vicerrector informa que ás tres propostas aplicáronselles ós mesmos requisitos que os títulos de posgrao e a maiores outros específicos que deberán cumprir nun futuro este tipo de Titulacións. Estas condicións mínimas son:

- Autofinanciamento.
- En ningún caso terán repercusión no POD en ningunha área de coñecemento.
- Estructura parella á dos planos de estudio das titulacións oficiais.
- A ningún alumno se lle poderá validar mais do 50% dos créditos da titulación propia por estudos previos. Daquela, todo alumno dunha titulación propia deberá cursar como mínimo o 50% dos créditos da devandita titulación.
- No caso das titulacións propias de 2º ciclo un estudante que acceda a unha titulación a partir de estudos dun 1º ciclo terá que cursar como mínimo 300 créditos entre os cursados no 1º ciclo de procedencia e os cursados no 2º ciclo da titulación propia de que se trate.
- As propostas deberan vir acompañadas coa relación do profesorado implicado e a aceptacións dos mesmos. No caso de profesorado alleo a universidade de Vigo, deberase indicar a titulación de cada un deles.

As tres titulacións propostas: Graduado Universitario en Detective privado, Graduado Universitario en Prevención e Seguridade Integral e Graduado Superior e Tecnoloxía ambiental cumpren esas condicións mínimas e foron informadas favorablemente pola COAP, que a súa vez propuxo un cambio de nome do último dos títulos por “Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental”.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Legido di que o título de materia “Edafoloxía e Climatoloxía” non lle parece moi apropiado para o título en Tecnoloxía Ambiental.

O Vicerrector di que esa materia coincide con outra do plano de estudos da ITIA e que unha gran parte desta titulación está composta por un conxunto de materias que se imparte nas titulacións oficiais da Facultade de Ciencias de Ourense: ITIA, Física e Tecnoloxía de Alimentos.

Apróbanse os tres títulos por asentimento coa modificación proposta pola COAP.

Punto 5-Aprobación, se procede, da impartición do CAP pola Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Titulacións, Prosgrao e Formación Permanente informa que ata agora a Universidade de Vigo delegou na Universidade de Santiago a impartición do CAP e, aínda que no calendario do ministerio no curso 2004/2005 vaise cambiar o modelo, a proposta e que a nosa universidade comence este ano a impartición do mesmo para que sirva como ensaio e o longo do curso 2003/2004 propoñer o que será o novo modelo.

O Rector informa que para impartir este curso se necesita o permiso da Xunta que a súa vez está condicionado polo informe favorable do Consello Universitario de Galicia.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Legido pregunta quen designa ó profesorado que vai a impartir o CAP.

O Vicerrector di que a súa proposta e manter ós profesores que xa o viñan impartindo en Ourense e Pontevedra estes últimos anos e consultar ós Departamentos implicados para que fagan as propostas dos profesores pertencentes ós seus Departamentos.

O profesor Costas di que moitos alumnos de Filoloxía Galega reciben estes cursos en castelan e fai o rogo de que se intente garantir que ó menos un 50% do curso se poida impartir en galego.

O Rector propón aprobar o contido académico do CAP e tendo en conta que vai ser custo cero para a Universidade.

Apróbase por asentimento (anexo I).

Punto 6-Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Títulos Propios de Posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Titulacións, Posgrao e Formación continúa explica as modificacións propostas con respecto ó anterior e destaca que quedan excluídas deste regulamento as ensinanzas de Títulos Propios da Universidade de Vigo, comprometéndose a traer no primeiro trimestre do curso próximo unha proposta de regulamento específico para estas ensinanzas.

O profesor Remesal pide que non figure o Anexo I no Regulamento xa que esa parte pode cambiar ano a ano.

O profesor Sánchez Bello pregunta quen ten a capacidade para determinar qué ensinanzas de primeiro ciclo teñen unha conexión directa coas do máster para que os titulados de ese primeiro ciclo poidan acceder ó mesmo.

O Vicerrector di que isto podería decidilo a COAP ou en último caso o Consello de Goberno.

A Sra. Iglesias Galán solicita o anexo II e propón unha pequena corrección no artigo 34.

A profesora Pita súmase á proposta do profesor Remesal de non incluír o anexo I.

O Vicerrector di que está de acordo con retirar o anexo I.

Apróbase por asentimento incluíndo a corrección sinalada pola Sra. Iglesias Galán.
(Anexo II)

Punto 7-Aprobación, se procede, do cambio de nome do Departamento de Dereito Público Especial.

O Consello de Departamento de Dereito Público especial acordou solicitar o cambio de nome polo de Departamento Publico Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 8-Aprobación, se procede, de modificacións puntuais das normas de xestión académica.

A Secretaria Xeral informa que se retira a modificación do punto 13.2 que figura na documentación.

Así mesmo propón unha modificación do punto 13.1 en atención o rogo feito polos alumnos de xeito que a non comparecencia ó exame dun alumno inscrito na convocatoria extraordinaria de decembro permita utilizar as outras dúas. O problema técnico que existía nun principio foi subsanado polo que é posible acceder ó rogo o que implica modificar este punto das normas de Xestión Académica.

A modificación do punto 13.4 e para axilizar a expedición das certificacións académicas.

Apróbanse ambas modificacións por asentimento (anexo III).

Punto 9-Modificación puntual da Normativa para a elección de decanos e directores de Centro para a súa adaptación a LOU.

A Secretaria Xeral informa da proposta de substituír o artigo 3º da Normativa para a elección de Decanos e Directores de Centro, para a súa adaptación a LOU, polo texto seguinte:

Artigo 3º.- Serán elixibles:

1º) Como Decanos ou Directores de Facultades e Escolas Técnicas Superiores, os profesores doutores dos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo e pertencentes á Xunta de Centro.

2º) No caso de non haber candidatos que reúnan os requisitos anteriores, nas Escolas Universitarias e nas Escolas Universitarias Politécnicas, poderán ser candidatos os profesores da Xunta de Centro con dedicación a tempo completo que pertencen aos corpos docentes universitarios non doutores ou sexan profesores contratados doutores.

Apróbase por asentimento.

Punto 10-Suxerencias sobre os borradores de reais decretos relacionados co EEES

Ábrese un turno de intervencións.

A profesora Pita suxire que se permita enviar suxerencias por escrito e solicita que non sexa a Universidade de Vigo a mais apresurada no relacionado cos prazos.

O profesor Cid pregunta si todo isto se vai coordinando con outros países ou ben se está a falar dun debate interno na universidade española.

O Rector sinala que tódalas suxerencias por escrito se envíen a Secretaría do Rector.

Punto 11-Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.

Informa o Sr. Graña (Xerente en funcións) dos termos e xustificación da proposta de aumentar a dous o número de letrados da Asesoría Xurídica e transformar a Xefatura de Negociado de Departamentos, que está vacante, nun posto base de apoio á Xerencia.

Apróbase por asentimento.

Punto 12-Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: -Acordos marcos de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitario Feevale (ASPEUR) (Brasil), o Instituto de Medicina del Deporte (Cuba). Convenios específicos coas Universidades Pompeu Fabra, Nuevo México e a Universidade Estadual de Campinas (Brasil). Convenio marco e específico con Unisla (Portugal). Convenio marco e específico entre o Instituto enerxético de Galicia e as Universidades Galegas.

A Secretaría Xeral informa que tódolos convenios que figuran na orde do día teñen os informes favorables correspondentes. No caso do convenio marco con UNISLA propón adaptalo ó modelo de convenio marco da Universidade de Vigo e en relación coa adenda a este convenio sinala que ten o informe favorable da Comisión de Doutoramento.

Intervén o profesor Pena para indicar que ve positivo a sinatura deste convenio marco pero manifesta a súa sorpresa pola adenda xa que se pretende desenvolver un plano de traballo que atinxe o ámbito dos profesores da Área de Comunicación Audiovisual e Publicidade polo que presentaron un recurso diante da Comisión de Doutoramento respecto a este programa, e aínda

que foi desestimado, van a presentar un recurso de alzada diante do Rector, xa que en ningún momento se falou coa área de Comunicación Audiovisual e Publicidade para desenvolver este programa que foi proposto exclusivamente pola área de Xornalismo. Pide que se retire esta adenda.

O profesor Fernando Ramos (promotor do convenio) intervén para sinalar que tanto os profesores da Área de Comunicación Audiovisual como os da Área de Xornalismo son todos licenciados en xornalismo. Di que no mes de marzo do ano pasado a área de Comunicación Audiovisual separouse para incorporarse noutro departamento polo que os que quedaron fixeron unha proposta de programa de terceiro ciclo que foi aprobado pola comisión de doutoramento que é o que figura na adenda ó convenio con UNISLA. Polo tanto considera que ten tódolos pronunciamentos.

O Rector di que o convenio marco non ten problema para ser aprobado e que no convenio específico o único que se está a debater e si o nome do curso de doutoramento e o correcto, propón que se aprobe esta adenda pero que quede suxeito o que poida suceder co programa de doutoramento ata que se resolvan os recursos interpostos sobre o tema.

O profesor Gude pide un pouco de espírito de entendemento.

O profesor Pena di que solo reivindicán o dereito de establecer unha pequena modificación no devandito programa é esta de acordo coa proposta do Rector .

Apróbanse por asentimento tódolos convenios coas condicións sinaladas para o Convenio Marco con UNISLA e a súa adenda segundo a proposta do Rector.

Punto 13- Elección de representantes no Consello Social: 1 PDI, 1 estudante, 1PAS.

Soamente hai dúas candidaturas presentadas:

- Don Alberto Gago Rodríguez (sector PDI)
- Don Sergio Pajares Domínguez (sector PAS)

Saen elixidos por tanto para ser propostos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como representantes do Consello de Goberno no Consello Social.

Queda vacante o posto correspondente o sector de estudantes que será elixido na próxima sesión do Consello de Goberno.

Punto 14- Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (2 PDI, 1 estudante), Comisión de Investigación (1 estudante)
- Comisións de Reclamacións (1 estudante)

Hai dúas candidaturas presentadas para cubrir os dous postos do sector PDI na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (delegada do Consello de Goberno):

- Don José M^a Gil Villanueva
- Don José M^a Pousada Carballo

Saen por tanto elixidos ambos candidatos para cubrir as dúas vacantes do sector PDI.

Os restantes postos continúan vacantes por non haber candidatos.

Punto 15- Elección das comisións: de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes) e de Cursos e Convenios (1 estudantes)

Non hai candidatos propostos polo que se pospón para o próximo Consello de Goberno.

Punto 16-Rogos e preguntas.

O profesor Ramos pregunta si o persoal da universidade esta exento de pagar as taxas dos títulos propios de Graduado.

O Rector di que o tratamento será o mesmo que para os cursos de posgrao, nos que non hai esa exención, aínda que é un tema que se pode estudar no futuro.

A Sra. Filgueira pregunta si a non asistencia ás clases teóricas e prácticas por parte dos estudantes implica a perda do dereito ó exame tanto teórico como práctico.

O Rector di que se contestará.

A profesora Pita di que se axilice a resolución de reclamación do pagamento de axudas de custo do ano 2000 a profesores que figuraban no programa de intercampus .

Así mesmo roga que tódolos traslados de funcionarios do PAS se comunique con antelación para poder organizar o traballo.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 horas do día 22 de xullo de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfé